
**DEPARTAMENTO
DE
MATEMÁTICAS**

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN 2021-2022

IES FÉLIX MURIEL DE RIANXO

Segundo **Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro** polo que se regula a avaliación, promoción e titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliacións nas ensinanzas de educación primaria, Secundaria Obrigatoria, e Bacharelato no sistema educativo de Galiza (DOG 11/02/22), o Departamento de Matemáticas o Instituto de Ensinanza Secundaria Félix Muriel de Rianxo establece os seguintes criterios.

CRITERIOS DE CUALIFICACION DA AVALIACION ORDINARIA INDIVIDUALIZADA

- ✓ A cualificación da avaliación ordinaria será a aproximación enteira por redondeo, da media aritmética das notas das tres primeiras avaliacións, seguindo as directrices que se recollen na Programación do Departamento.
- ✓ O alumnado que non acade, na avaliación ordinaria, unha cualificación igual ou superior a 5:
 - Recibira unha atención individualizada encamiñada a solventar a causa pola cal obtiveron unha cualificación negativa, en parte ou na totalidade da materia.
 - O alumnado contará cunha guía individualizada coas instrucións e contidos adaptados as súas necesidades.
 - Deberá presentarse a unha proba escrita que será elaborada, en base aos criterios de avaliación dos estándares de aprendizaxe correspondentes, de forma colexiada polos membros do Departamento que impartan clase no nivel correspondente.
 - A proba escrita será previamente fixada e anunciada polo profesorado da mesma.
 - A nota da avaliación ordinaria será a maior das notas entre a media aritmética das tres avaliacións (seguindo as directrices da Programación do Departamento) e a nota obtida na proba escrita anteriormente citada (aproximación enteira por redondeo)
 - Teranse en conta no desenvolvemento das propostas os protocolos de actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ O alumnado que acade, na avaliación ordinaria, unha cualificación igual ou superior a 5: realizará actividades de ampliación dos contidos da materia traballados durante o curso.
 - A realización positiva das tarefas de ampliación encomendadas poderán ter unha aportación positiva ou negativa dun máximo do 10%, na avaliación ordinaria.
 - Teranse en conta no desenvolvemento das propostas os protocolos de actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.